

Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

Acta da sesión extraordinaria do pleno nº 02/17

Data 23-02-2017

Acta anterior 16-02-2017

Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

Asistentes:

Alcalde

D. Fernando Pérez Fernández

Concelleiros presentes

D. Oscar Vázquez Corral

D. José David Pintor Pazo

D. José Emilio Mahía Neira

D^a María del Carmen Torreiro Cotos

D. Jesús Gómez García

D. José Antonio Cotos Seoane

D^a. Marta García Sánchez

D. Álvaro Xesús García Freire

Concelleiros non asisten:

Secretario.

D. Afonso Bieito Lorenzo Penela.

tempo da gravadora.

A continuación pasouse ao estudo da orde do día, adoptándose sobre os asuntos contidos na mesma os seguintes acordos:

1.- Ratificación da urxencia da sesión para os efectos establecidos no artigo 46.2.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local. (00' 13")

O alcalde do concello, Fernando Pérez Fernández, expón que, como primeiro punto da orde do día hai que votar a Ratificación da urxencia da sesión para os efectos establecidos no artigo 46.2.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local. Motiva a urxencia da sesión na necesidade de adoptar acordo de aprobación do Plan POS+ 2017 coa debida antelación para que dea tempo á súa tramitación en prazo.

A continuación (00' 39") o alcalde, Fernando Pérez Fernández somete á votación a ratificación da urxencia, a cal resulta aprobado por unanimidade dos asistentes.

2.- Aprobación, no seu caso, do plan da deputación provincial denominado POS+ 2017. (00' 54").

A continuación o alcalde, Fernando Pérez Fernández, dá conta da documentación remitida en relación á subvención que se pensa pedir á deputación provincial no Plan+ 2017, da cal se remitía a proposta de acordo con indicación de todas as cantidades que se pensan incluír, explicando que na sesión anterior non se aprobara por non estar os proxectos, senón unicamente unhas memorias. Hoxe trátase de adoptar acordo sobre a totalidade da proposta a remitir á deputación provincial. Engade que a documentación é exactamente á mesma cá do outro día, agás os proxectos.

Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

Transcorridos (01' 50") toma a palabra José Antonio Cotos Seoane (BNG) quen pregunta por que non aparece a pista do Cava, malia que xa o ano pasado se considerou a súa inclusión.

Contesta o alcalde lembrando, en primeiro lugar, a normativa sobre a orde de intervencións no pleno (o alcalde presenta o punto, dálle a vez ao portavoz da oposición, volve a falar o alcalde e pode ter unha segunda intervención o portavoz da oposición e péchase o punto). Por tanto, contestará á cuestión da pista do Cava logo do remate da intervención do portavoz do BNG, aclarando que se algún concelleiro de calquera grupo político quere falar solicitará a palabra ao alcalde.

Continúa por tanto no uso da palabra José Antonio Cotos Seoane (03' 16") quen considera que vai moito carto para orzamento corrente.

Contesta o alcalde (03' 31") sobre a pista do Cava, xa se amañou o que estaba peor, que era a entrada, o resto vai ir no Plan Marco e tomamos nota da súa necesidade en opinión do BNG. Con respecto aos gastos correntes hai que ter en conta, como xa se dixo no pleno anterior, que se substitúen liñas que desaparecen. Comenta que en principio vanse executar as dúas obras incluídas no Plan achegas 2016 e no Plan préstamo, que son "Pavimentación con TSRG de acceso aos núcleos de O Campo, Zanfoga e Panacoi" e "Ampliación, afirmado e reforzo de firme de calzada con MBC e TSRG camiños de acceso ao Fachal e Igrexario de Armental", os outros tres proxectos corresponden ao Plan complementario, que non está garantido que se vaian facer, dependendo das baixas. Finaliza indicando que lle consta que hoxe moitos concellos están a facer os seus plenos, igual ca nós.

Transcorridos (06' 48") toma a palabra Álvaro García Freire (BNG) quen replica que os plans complementarios sempre foron para os concellos que tiveron as baixas. Insiste en que con este plan o concello gaña cartos respecto aos anteriores, pois xa se ve pola cantidade de obras que se inclúen e, ademais, porque nos cálculos do alcalde estanse metendo cartos que corresponde a outros plans mencionando as nominativas, que pasaron dun 24% a, xa o ano pasado, un 7,45%. Continúa indicando que o concello de Vilasantar, no ano 2014 recibiu en total de subvención 142.000 euros, no ano seguinte 159.000 euros e no 2016, 203.000 euros. Por outra banda apunta que se aforra en xestión, antes existían 11 liñas de subvencións, algunhas con cantidades ínfimas. En resume considera o plan como bo. Con respecto ao gasto corrente considera que é moi alto, pois multiplicamos por dous dito gasto, por iso consideramos que é excesivo e que se debería de realizar algunha obra máis.

A continuación intervén o alcalde para indicar que este ano no Plan+ hai 74 millóns de euros, que son menos dos que houbo no 2016, matizando que na reunión da deputación foi o único alcalde do PP que asistiu, pois considera que ten moitos puntos importantes, como a menor dependencia das administracións nin das múltiples subvencións, hai a posibilidade de pagos a provedores, poñendo como exemplo o concello de Negreira, que dedica a provedores e gasto corrente moita máis porcentaxe cá nós, non adicando nada a obras. Nós é o primeiro ano que pedimos préstamo. Gustaríanos que a deputación dixese cantos cartos se van a gastar ao final.

Contesta Álvaro García Freire (BNG) que a utilización das remanentes vai depender da autorización ou non de Montoro. No plan xa figura recollida a súa incorporación pero depende da autorización.

Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

A continuación (13' 57") o alcalde, Fernando Pérez Fernández somete a aprobación do Plan+ 2017 a votación, a cal resulta aprobado por seis votos a favor e tres abstencións, adoptándose, en consecuencia, os seguintes acordos:

1.- "Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2017"** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se cofecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e préstamo provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a "achega provincial 2017", "achega provincial 2016" e "préstamo provincial 2017":

A) Financiamento do pago a provedores:

	Deputación
Achega provincial 2016 aplicada ao financiamento de pago a provedores	56.367,58
Achega provincial 2017 aplicada ao financiamento de pago a provedores	
Subtotal pago a provedores	56.367,58

B) Financiamento de gastos correntes:

	Deputación
Achega provincial 2017 aplicada ao financiamento de gastos correntes	160.209,87
Subtotal gasto corrente	160.209,87

C) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2017	Financiamento do investimento		
	Deputación	Concello	Orzamento total
Denominación da obra ou subministración			-----
Subtotal investimentos achega provincial 2017			-----

ACHEGA PROVINCIAL 2016 (Investimentos financeiramente sostibles)	Financiamento do investimento		
	Deputación	Concello	Orzamento total
Pavimentación con TSRG de acceso aos mnúcleos de O Campo, Zanfoga e Panacioi	58.911,74	23,26	58.935,00
Subtotal investimentos achega provincial 2016	58.911,74	23,26	58.935,00

PRÉSTAMO PROVINCIAL 2017	Financiamento do investimento		
	Préstamo Deputación	Achega Concello	Orzamento total
Ampliación afirmado e reforzo de firme de Calzada con MBC e TSRG camiños de acceso ao Fachal e Iglesario de Armental	115.566,00		115.566,00

Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

Subtotal investimentos préstamo provincial 2017	115.566,00		115.566,00
--	------------	--	------------

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións incluídos No POS+ 2017 e que se relacionan nestas táboas.

D) Financiamento dos honorarios de redacción de proxectos:

Denominación do proxecto cuxos honorarios de redacción se solicitan (achega provincial 2017)	Deputación
Redacción proxectos incluídos no POS-2017	8.131,20
Subtotal redacción proxectos	8.131,20

E) Financiamento de achegas municipais a outros plans ou programas:

	Deputación
Achega provincial 2017 aplicada ao financiamento de achegas municipais	18.987,83
Achega provincial 2016 aplicada ao financiamento de achegas municipais para investimentos financeiramente sostibles	
Subtotal achegas municipais	18.987,83

F) Redución de débeda con entidades financeiras:

Entidade financeira	Número/código do préstamo	Importe de "préstamo provincial 2017" aplicado á redución da débeda
Abanca	500-0024-5459/3	8.359,27
Subtotal redución de débeda con entidades financeiras		8.359,27

G) Resumo:

SUBTOTALS		Deputación	Concello	Total
A- PAGO A PROVEDORES	Achega 2016	56.367,58		56.367,58
	Achega 2017			
B- GASTOS CORRENTES	Achega 2017	160.209,87		160.209,87
C- INVERSIONS	Achega 2017			0,00
	Achega 2016	58.911,74	23,26	58.935,00
	Préstamo 2017	115.566,00		115.566,00
D- HONORARIOS REDACCION	Achega 2017	8.131,20		8.131,20
E- ACHEGAS MUNICIPAIS	Achega 2017	18.987,83		
	Achega 2016			
F- REDUCION DEBEDA	Préstamo 2017	8.359,27		8.359,27
TOTAL	Achega 2017	187.328,90		115.279,32
	Achega 2016	115.279,32	23,26	115.302,58
	Préstamo 2017	123.925,27		123.925,27

Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

	TOTAL	426.533,49	23,26	426.556,75
--	--------------	------------	-------	------------

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2017 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 20% do total de achega e préstamo provincial asignado)	Orzamento
Rehabilitación superficial firme de Calzada, camiños acceso ao núcleo de Turío e piscina municipal	37.380,00
Rehabilitación superficial firme de Calzada, camiños acceso aos núcleos de Díaz, Catro Vilariño e ETAP de Présaras	45.621,00
Ampliación, afirmado e reforzo de firme de Calzada con MBC estrada desde O Fachal á Ponte	44.894,00
TOTAIS	127.895,00

qw

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2017 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2017, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

E non habendo máis asuntos a tratar o Sr. presidente levanta a sesión sendo as trece horas e vinte e un minutos (duración de 14' 28"), do que eu, secretario, dou fe.

Vº e pr.
O alcalde.

O secretario.

Asdo. Fernando Pérez Fernández

Asdo. Afonso Bieito Lorenzo Penela.